

Lingua 5º / Unidade 12 / Presenta un espectáculo

Actividade 1

Enunciado: Indica a función dos dous puntos nas oracións.

- Marcos ergueuse ás doce da mañá: o habitual cando sae de noite.
-

- Ao comezar o exame a mestra advertiu: «Prestade atención á ortografía».
-

- Ás 12:15 colleu: pratos, vasos, copas, garfos... para preparar a mesa.
-

Solución

Para confirmar ou explicar o que se dixo antes.

Diante dunha cita textual.

Nas indicacións horarias, antes dunha enumeración.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.2. Coñece os usos dos dous puntos e os puntos suspensivos e aplícaos nos seus escritos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Actividade 2

Enunciado: Subliña as preposicións e rodea as interxeccións.

- Ei!, non poñas o paraugas de Ana sobre a mesa que está mollado!
- Vin andando desde a escola ata a miña casa, uf!, que cansa estou!
- Mercamos un quilo de mazás para facer unha torta durante a fin de semana.
- Arre! Bah!, xa vou canso de loitar con este cabalo que non anda nada.

Solución

- Ei!, non poñas o paraugas de Ana sobre a mesa que está mollado!
- Vin andando desde a escola ata a miña casa, uf!, que cansa estou!
- Mercamos un quilo de mazás para facer unha torta durante a fin de semana.
- Arre! Bah!, xa vou canso de loitar con este cabalo que non anda nada.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata seis erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1 Recoñece preposicións e interxeccións.

7.2 Identifica conxuncións e clasifícaas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Competencia para aprender a aprender.

Competencia dixital

Actividade 3

Enunciado: Subliña as conxuncións e indica de que clase son.

- Roi e Noa non xogan ao tenis nin ao golf; non obstante, son bos atletas.
-

- Pon o abrigo ou non saes á rúa, pois vai moito frío xa que está nevando.
-

- Quere mercar un coche pero agora non pode porque non ten cartos.
-

Solución

- Roi e Noa non xogan ao tenis nin ao golf; non obstante, son bos atletas.

e, copulativa; nin, copulativa; non obstante, adversativa.

- Pon o abrigo ou non saes á rúa, pois vai moito frío xa que está nevando.

ou, disxuntiva; pois, causal; xa que, causal.

- Quere mercar un coche pero agora non pode porque non ten cartos.

pero, adversativa; porque, causal.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Realiza o que se solicita e comete ata seis erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.2 Identifica conxuncións e clasifícaaas.

Competencias clave

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 4

Enunciado: Escribe unha oración na que os puntos suspensivos se empregue para:

- Cortar unha expresión malsoante. _____
- Indicar estado de ánimo. _____
- Interromper unha frase. _____

Solución

Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1. Diferencia os tipos de oracións segundo o seu significado e clasificalas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

Competencia para aprender a aprender.

Competencia en conciencia e expresión cultural.

Actividade 5

Enunciado: Escribe unha oración de cada tipo.

Enunciativa negativa _____

Interrogativa afirmativa _____

Solución

Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.2. Coñece os usos dos dous puntos e os puntos suspensivos e aplícaos nos seus escritos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Actividade 6

Enunciado: Cal é a diferenza entre unha frase feita e un refrán?:

Solución

Que o refrán ten un sentido pedagóxico. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1 Identifica modismos, refráns e frases feitas e explica o seu significado.


Competencias clave

Competencias sociais e cívicas.

Competencia dixital.

Actividade 7

Enunciado: Escribe a presentación deste espectáculo.



Solución

Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

2.1. Realiza presentacións.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 8

Enunciado: Define.

Anotación: _____

Escena: _____

Solución

Anotación: frase entre parénteses nas obras teatrais nas que o autor amplía a información.

Escena: cada parte en que se dividen os actos dunha obra teatral.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

12.1. Sabe as características das adiviñas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 9

Enunciado: Escribe unha carta a túa irmá que está estudando en China.

Solución

Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

11.1. Enumera as características dunha carta persoal e escribe este tipo de textos.

Competencias clave

Competencia lingüística.

Competencia en conciencia e expresión cultural.

Actividade 10

Enunciado: Fala da Literatura galega de finais do século XX.

Solución

Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1. Coñece as características fundamentais da literatura galega de finais do século XX.

Competencias clave

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Competencia en conciencia e expresión cultural.